

EDUCACIÓN ENERXÉTICA, ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO

José Mendoza Rodríguez ICE-USC

Manuel Antonio Fernández Domínguez ICE-USC (Eds.)

ICE. Colección Informes e propostas. N° 20. USC.

Extenso volumen que recolle 33 comunicacións das presentadas no evento de Educación enerxética que se celebrou en Xunio do 2007 nas Pontes de García Rodríguez, baixo o patrocinio do INEGA e o Concello de As Pontes. Trátase do cuarto congreso deste tipo, froito do traballo do grupo de Educación enerxética do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, en cooperación co Instituto Superior Pedagógico “Enrique José Varona” de La Habana.

Pretendemos con este proxecto conxunto contribuir á innovación escolar que se precisa para que as institucións educativas estean presentes cos seus programas escolares na palpitante realidade medioambiental que se vive fora da escola. O cambio climático, a crise dos combustibles fósiles, as novas fontes enerxéticas renovables, etc. son temas que teñen que ser abordados no ensino formal por medio das novas tecnoloxías da información e da comunicación, para que consigamos a motivación e a implicación positiva dos nosos alumnos e alumnas. Xa non serven os métodos do século pasado para a escola do século XXI.

Pensamos que a tarefa realizada coa edición das Actas deste e os anteriores tres eventos, supón a creación dun útil banco de experiencias procedentes de distintos países –España, Cuba, Portugal, Perú, México, Arxentina- que pode servir para que os docentes interesados na educación enerxética teñan un lugar onde inspirarse e buscar recursos e apoios para as súas actividades.